



AS FRONTEIRAS DO MEDO

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

rodeira

periscopio

AS FRONTEIRAS DO MEDO

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

AS FRONTEIRAS DO MEDO



rodeira

© Agustín Fernández Paz, 2012

© Ed. Cast.: edebé, 2012
Paseo de San Juan Bosco 62
08017 Barcelona
www.edebe.com

Directora da colección: Reina Duarte
Deseño de cubertas: César Farrés
Fotografía de portada: Hemera / Thinkstock

1a edición, marzo 2012

ISBN 978-84-96352-77-3
Depósito Legal: B. 32176-2011
Impreso en España
Printed in Spain
EGS - Rosario, 2 - Barcelona

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra (www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 45).

Na noite inesquecible do 26 de marzo de 2009, nos xardíns do hotel Tre Vecchi, baixo o ceo estrelado de Boloña, prometinlles que escribiría este libro ás persoas coas que compartín aquelas horas felices.

Helena Torres, Xan López Domínguez, Soedade Noia, Manel Cráneo, Pinturero, Manuel Figueiras e Lluís Miquel Avián: a promesa é xa unha realidade.

Entrei, enfeitizado, e dun montón cuberto de arañeiras
collín o volume máis próximo e folleeino ao azar,
tremendo ao ler estrañas verbas que parecían gardar
algún segredo, monstruoso para quen o descubrise.

H. P. Lovecraft: «O libro», *Fungos de Yuggoth*

Unha historia que falase dos misteriosos temores
da natureza e que espertase o máis intenso dos terrores,
unha historia que crease no lector medo a ollar
ao seu redor, que xease o sangue e acelerase
os latexos do corazón.

Mary W. Shelley: Prefacio, en *Frankestein ou o
moderno Prometeo*

Índice

1. A Porta do Alén	11
2. A voz do sangue	49
3. Os Fillos de Hamlet	83
4. O pozo	101
5. O enigma do menhir	131
6. A mirada de K	151

A PORTA DO ALÉN

O viaxeiro do cabelo roxo chegou á pousada no solpor do 17 de outubro. Desde pola mañá non deixara de caer unha chuvía miúda e persistente; mais, a media tarde, o vento mudou de dirección e escorrentou as nubes que nos cubrían, deixando o ceo tan limpo como só se ve nos días de verán. Eu andaba ocupado en partir unha carroceta de leña que me trouxeran a tarde anterior, tan necesaria para alimentar a cheminea na invernia inacabable, e só me decatei da súa chegada cando aparcou o todoterreo que conducía na eira de diante da casa.

Pousei o machado e aproximeime con pasos lentos ao vehículo, un Range Rover de cor negra que transmitía unha impresión de seguridade e solidez. O home que baixou del ofrecía un aspecto moi afastado do común dos viaxeiros que se achegaban á miña pousada. O primeiro que nel chamaba a atención eran o pelo e mais a barba, de intensa cor roxa, así como a súa extrema delgadeza. Era alto; ben me había levar media cabeza, e iso que eu non me teño por pequeno. Con todo, superada a primeira impresión, o máis rechamante do seu

rosto eran os ollos, dun verde moi vivo e posuidores dun brillo especial, capaz de provocar o desacougo en quen os mirase.

—Boas tardes! —saudou con voz que pretendía ser amable, ao tempo que me ofrecía a súa man—. Non é doado dar con esta pousada! Levo máis dunha hora dando voltas polas pistas da comarca, que semellan todas iguais se non se coñecen, sen atopar ningún cartel indicador. Mais o importante é que por fin estou aquí.

O home falaba con corrección a nosa lingua, mais resultaba evidente que procedía dalgún país estranxeiro, como ben revelaba o seu acento e a deficiente pronuncia de certos sons. Correspondín ao seu saúdo e, a seguir, pregunteille quen era e que o traía ata a miña pousada.

—Chámome Walter MacGregor e son escocés. A primeira parte da miña vida transcorreu en Edimburgo, mais xa hai ben anos que resido en Londres. Son o propietario da máis coñecida casa de antigüidades da cidade, The Old Times, en Portobello Road.

Como eu nada dicía, engadiu:

—Non esaxero se afirmo que constitúe unha referencia en toda Europa, se cadra oíu falar dela algunha vez. O meu é un traballo apaixonante, que me obriga a viaxar durante varios meses do ano, na procura de pezas que a xente garda ignorando o alcance do seu valor.

—E pódese saber que se lle perdeu a unha persoa tan importante nesta afastada aldea de Galicia? —eu son máis ben parco en palabras e incomodábame o moito que falaba aquel home, así como o aire de suficiencia do seu discurso—. Porque, se non o entendín mal, vostede buscaba esta miña pousada.

—Buscaba, si. «A Pousada das Antas»! —exclamou, ao tempo que sinalaba o letreiro situado por riba da porta principal—. Levo máis dun mes percorrendo as terras de Galicia, que me parecen fascinantes, sobre todo as do interior: O Cebreiro, Samos, San Estevo, Mondoñedo, Campo Lameiro... Amo Escocia con paixón, nas Highlands están as miñas raíces, mais podo afirmar que xa me namorei para sempre destas terras.

—E logo que motivo o trae ata aquí? —teimeei, irritado por non obter resposta concreta ás miñas preguntas.

—O culpable da miña chegada é don Sebastián Reigosa de Miranda, o anticuario de Lugo que vostede coñece ben. Hai uns días, mentres xantabamos coma deuses no Mesón de Alberte, comenteille o meu desexo de gozar dunha tempada de descanso e aproveitala para avanzar no libro que veño escribindo desde hai máis de dous anos. Foi el quen me dixo que, se quería tranquilidade, me achegase a estas terras do norte e buscase a súa pousada. —Calou uns instantes e logo engadiu—: Falta saber se terá un cuarto libre para min.

—Teño libres os oito, pode escoller o que prefira —aclareille decontado—. O señor de Miranda é amigo e tamén cliente; el e mais a súa dona pasan aquí a primeira quincena de agosto, sen fallar ano ningún. E non lle mentiu: en canto á tranquilidade, poucos sitios haberá máis sosegados ca este.

—Non contaba con ser o único hospede! —exclamou, sen poder evitar un sorriso de satisfacción.

Despois observou de novo a casa e paseou a mirada

pola paisaxe de arredor, cada vez máis esvaecida polas sombras.

—Ata hai uns días aínda houbo hóspedes —comentei—. De aquí en diante o tempo é frío e os días, curtos. Iso retrae a xente. Só de cando en vez aparece alguén coma vostede. É distinto nos meses que van de maio a outubro; daquela é cando se enche a pousada e me vexo na obriga de rexeitar moitos dos viaxeiros que me chegan.

—Así que estaremos sós vostede e mais eu?

—Pola noite, así será —confirmei, sen poder evitar unha sombra de inquietude—. Polas mañás veñen traballar dúas mulleres, Ermitas e Xoana, que se encargan de cociña e da limpeza dos cuartos. E polas tardes nunca faltan algúns veciños que se achegan a matar aquí as horas. Xa os irá coñecendo a todos eles.

O escocés pareceu darse por satisfeito coas miñas explicacións. Montou no vehículo e manobrou para colocalo a carón da porta de entrada. A seguir, baixou e pediume que lle axudase a trasladar a equipaxe ata o que sería o seu dormitorio. Tratábase dun voluminoso baúl de madeira vernizada, reforzado con cantoneiras e ferraxes de metal. Subímolo polas escaleiras ata o primeiro andar, non sen dificultades, pois era moito o que pesaba. Ao chegar arriba, ensineille os cinco cuartos dispoñibles nese andar, ben mellores que os tres da planta baixa. Contra o que eu supoñía, elixiu o que daba á parte de atrás da casa, menos luminoso e máis frío, desbotando os outros, tanto os da fachada coma os orientados ao oeste, que contaban coa vantaxe engadida da galería.

Cargamos logo o baúl ata o dormitorio elixido. O primeiro que fixo en canto o pousamos foi abrir as dúas follas do balcón e asomarse ao exterior. Malia o ceo sen nubes, a claridade era escasa e xa se albiscaba a proximidade da noite. A carballeira comezaba a uns trinta metros do edificio e estendíase, mesta e sombría, ata a aba do Outeiro das Antas. Unha paisaxe cerrada, e mesmo opresiva, que contrastaba co horizonte sen límites dos outros cuartos. Mais o escocés parecía encantado coa elección, así que o asunto quedaba resolto.

—Como xa lle dixen, as cociñeiras só traballan polas mañás. Non é moito o que lle podo ofrecer —indiqueille, antes de deixalo só—. Se lle parece ben, cearemos ás nove, agás que o apreme a fame e desexe facelo antes.

—As nove é unha boa hora. Mentres, vou ordenar as miñas pertenzas. E, se cadra, ao mellor aínda me boto un pouco na cama, que veño canso de conducir durante toda a tarde.

Despedínme e baixei para gardar no alpendre as estelas que partira. Despois sentei no banco de pedra da entrada, sen poder afastar da cabeza a imaxe do estraño hóspede que me acompañaría nos seguintes días. Non era a primeira vez que recibía persoas coma o escocés, individuos que provocaban en min unha persistente sensación de desacougo, mais sempre se trataba de xente de paso, que permanecía dous ou tres días na pousada e logo continuaba o seu camiño. Walter MacGregor, polo que falara, traía a intención de permanecer comigo un tempo indefinido, e esa

particularidade provocábame unha inquietude que non conseguía afastar do pensamento.

Un pouco antes das nove dispuxen a mesa onde ceariam e improvisei uns pratos lixeiros para complementar a carne mechada que me deixara feita Ermitas: unha tortilla de patacas, un prato de lascas de xamón, queixo fresco e marmelo. Iso e unha botella de bo viño había ser suficiente.

Contaba con levar eu a conversa e conseguir máis información sobre o escocés, mais foi el quen non parou de preguntar durante a cea e o longo tempo da sobremesa. E así, atopeime contándolle a historia da casa, onde xa viviran catro xeracións da miña familia. Fora o meu bisavó quen a erguera, no ano 1870, e quen abrira a pousada para acoller os arrieiros que pasaban cos seus carros camiño de Lugo. Logo, a tradición seguira de pais a fillos, ata chegar ás miñas mans.

—Non quero ser impertinente, mais vostede parece estar solteiro —comentou, despois de rematar a miña historia—. Non lle preocupa que morra esa tradición ao non haber quen a continúe?

—Tampouco non son tan vello. Aínda non perdín a esperanza de casar —respondín, molesto polo feito de que a conversa tocase temas tan persoais. Que lle importaba a el a miña vida?—. E agardo ter a fortuna de contar cun herdeiro no futuro.

—«A Pousada das Antas»! —pronunciou o escocés con voz enfática, dilatando no tempo cada unha das palabras—. Aínda non me contou por que a pousada leva ese nome.

—Pois porque a medio quilómetro de aquí temos o outeiro que se ve desde o balcón do seu cuarto, máis alá da carballeira. Chámanlle das Antas por atopárense na súa aba cinco desas construcións, aínda ben conservadas.

—Desculpe a miña ignorancia. Que é unha anta?

—Se lle digo o termo co que se adoita nomear nos libros, seguro que non lle resultará descoñecido. Unha anta é un dolmen, que por outros lugares de Galicia tamén recibe o nome de mámoa. Xa sabe: esas construción que se erixían hai milleiros de anos para enterrar os mortos e honrar a súa memoria.

—Os dolmens, como non os hei coñecer! —exclamou entusiasmado o meu hóspede—. Son escocés, e supoño que xa sabe da abundancia de dolmens, crómlechs e menhires, tanto en Gran Bretaña como en Irlanda. Desde Londres, a pouco máis dunha hora de viaxe, calquera persoa pode achegarse ao crómlech de Stonehenge, o máis importante monumento megalítico que se conserva, como vostede seguramente non ignora.

Walter MacGregor resultou ser un especialista nas cuestións referidas aos monumentos megalíticos. Coma se estivese a impartir unha conferencia, deu en falar da importancia destas «catedrais de pedra» —así lles chamou el— e dos misterios que aínda hoxe agochaban. Eu escoitábao falar, a cada minuto con maior entusiasmo, das marabillas que se podían encontrar ao longo de toda a Europa atlántica, desde Stonehenge ás impresionantes aliñacións de menhires de Carnac. O escocés, que afirmou ter lido todo canto

se levaba escrito sobre os megálitos, explicoume que, para os humanos que os ergueran, o interior dun dolmen constituía un centro do mundo, un lugar sagrado e misterioso onde poderse comunicar cos deuses do alén e os espíritos dos mortos. Esa era a razón de que nas lendas relacionadas con eles aparecesen sempre seres sobrenaturais posuidores dunha forza divina ou dunha enerxía diabólica.

Calou de súpeto, coma se o asaltase a sospeita de ter falado de máis. Agachou a cabeza e pareceu concentrarse en examinar as vetas debuxadas na superficie da mesa. Así permaneceu durante varios minutos, durante os cales eu tampouco non pronunciei palabra.

—Así que temos varios dolmens aquí ao pé? —comentou, tras o longo silencio—. Síntome afortunado, é un agasallo sorprendente! Agardo poder exploralos nos vindeiros días.

—En realidade, son cinco —precisei—. Están todos na aba do outeiro, á mesma altura, coma se formasen un círculo arredor do cume.

Coidei que MacGregor continuaría tirando daquel fío, no que demostrara ser un verdadeiro experto, mais pareceu perder o interese por el. Cambiou de tema e, sen eu lle preguntar, sentiuse obrigado a informarme máis polo miúdo sobre a súa vida e os negocios que rexentaba.

Así estivemos de conversa ata que, a iso das doce, decidimos retirarnos a durmir. El marchou corredor adiante e eu metinme no meu cuarto, que era un dos dous que dan á fachada. Ao ocuparmos dormitorios situados en cadanseu extremo do edificio, estabamos

separados polo longo corredor que nacía nas escaleiras e remataba no cuarto do escocés.

Cando ás tres da mañá me erguín para baixar á co-ciña na procura dunha xerra de auga, comprobei que a luz do seu cuarto permanecía acesa, pois aparecía iluminado o ventano de cristal opaco que tiñan todas as portas na parte superior. Cansado estaría, mais non o demostraba. Que diaño andaría a facer a aquelas horas?